

X. L. Couceiro (2008): “Máis datos para Moogo e Meogo”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 463-474.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

MÁIS DATOS PARA MOOGO E MEOGO

X. L. Couceiro

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Non hai moito tempo os estudosos de onomástica galega, e da románica en xeral, puideron felicitar-se pola, daquela, inminente entrada en servizo dunha páxina web dedicada ós apelidos do censo galego¹, sen ningunha restrición cuantitativa por razón da súa rareza; é dicir, hoxe podemos coñecer tanto os apelidos máis frecuentes como aquelas máis escasos que están a punto de desaparecer, a súa dispersión, a ubicación exacta dentro dos concellos galegos. Para as ciencias onomásticas é esta unha noticia excelente, pero pensamos que outros colectivos, como poden ser o dos historiadores ou dos xenealoxistas, han ver facilitada as súas pesquisas; incluso estudos, aparentemente desligados da identificación civil das persoas, como os de xenética poderían, se quixeran, trazar a historia dunha determinada familia ou sangue, valéndose dos seus medios, pero cunha excelente axuda desta dúctil base de datos.

Estas velocísimas ferramentas auxiliares, xa se sabe, non exclúen a lectura atenta e demorada doutros documentos, pero son moi eficaces á hora de proporcionar uns datos moi concretos e cuantificables que poden ilustrar unha hipótese ou teoría; antes, en moitas ocasións, o investigador víase precisado ó despece da testemuña documental, cunha previsión notable en canto á casuística. Por poñer un exemplo, o investigador en onomástica normalmente abriría unha ficha onde figurarían campos posibles tales como nome, apelido, sobrenome, sexo, data, lugar, editor, colección, número de

1 A páxina, grazas á dilixencia de A. Boullón e X. Sousa, estará - ou está cando isto se lea- dentro da web do Instituto da Lingua Galega.

documento, páxina, tipo de documento, a súa orixe, etc. Demoradamente íanse lendo os documentos e enchéndose as correspondentes fichas que constituían unha base de datos, nun tempo sobre papel, agora nun programa informático oportunamente deseñado con eses campos; non cabe dúbida de que con este último xa se gañou en eficiencia e velocidade.

Pero aínda estes traballosos sistemas non estaban exentos dunha rixidez apreciable: bastaba con interesarse por un novo campo, non previsto inicialmente, para ter que reler todo un corpus xa explorado. Imaxinemos que nos interesamos polo estado civil das persoas que xa tiñamos previamente rexistradas, “fichadas”, pola súa relixión, polo número de fillos, pola calidade da súa presenza documental (actor, confirman- te, notario...), mes dos contratos, etc. O feito de engadir un simple campo significa recomezar unha tarefa as máis das veces tediosa e rutineira. Pero a posibilidade de poder interrogar en liña unha base documental valéndose dunhas poucas ferramentas facilita a calidade de vida do investigador, a parte de poder solventar, de maneira moi segura, posibles distraccións, recuperar datos esquecidos ou abrir, sen maiores problemas, un novo apartado na ficha xeral que se completará de xeito rápido.

Hoxe, pois, o estudoso galego pode, dende o seu ordenador, construír veloz- mente unha concordancia de onde extraer logo os datos que lle interesan. E digo gale- go, non porque sexa restritivo no seu uso, senón porque a sociedade galega, por medio dos seus investigadores, unha vez detectadas certas carencias, foi capaz de remedialas e poñer ó servizo de todos uns instrumentos flexibles que eliminen ou minoren aque- les empeitizos.

Na particular historia dalgunhas destas novas ferramentas, como a que acaba- mos de comentar, figura en lugar destacado A. Santamarina, unhas veces como direc- tor e outras como impulsor destes novos modos de investigación, sempre xeneroso no seu esforzo e na súa axuda, contaxiosa ós seus discípulos e colaboradores. E así, nesta homenaxe queremos empregar esas mesmas ferramentas para tratar de ilustrar o que vimos dicindo. Trátase en xeral, pois, de pasos singulares, puntuais, que outros, máis capacitados, xa teñen considerado, pero que coidamos que se dispuxeran de progra- mas semellantes a este poderían doadamente ampliar as etapas ou exemplos nos que apoiaban as súas consideracións.

E permítasenos aquí unha pequena digresión para gabar xustamente, como facía J.L. Pensado coa edición de P. Loscertales², a relativamente recente publicación

2 As publicacións do lembrado profesor galego servíronme moitas veces de estímulo, pero, infelizmen- te sen a súa mestría; publicáronse co título de *Galicia en su lengua y sus gentes* (A Coruña, 1991), na colección *Biblioteca Gallega. Serie Nova*. Nesta recompilación non aparecen todos os artigos que tiña dado a coñecer o catedrático salmantino. Conviña que algún estudoso repasara os arquivos da *Voz de Galicia* e os reunira nunha máis completa edición. Faltan algúns dos que nós conservamos en follas

dunha importante colección documental, a de Toxos Outos, grazas ó meritorio traballo de F. J. Pérez Rodríguez³. Algúns dos seus documentos xa eran coñecidos, sobre todo polos historiadores, pero como conxunto documental é esta a primeira edición pública e completa⁴. Á parte da importancia que en si ten o tomo para a historia en xeral (civil, eclesiástica, económica, artística), é notabilísimo, entre outros, para a historia do trobadorismo, porque aquí aparecen tamén documentados poetas tales como Pay da Cana, a familia dos Carpanchos –da que se empeza a ver a súa articulación histórica, obra de Souto Cabo–, un, ata o presente, esquivo –pero non para o atento Xavier Varela que me comunicou o achado– Lopo Lias, que parece, deste xeito, acadar dunha vez por todas, ó lado dun nome máis consolidado, un escenario e ambiente adecuado para a súa personalidade literaria en relación con este mosteiro e o círculo cultural compostelán⁵.

Pero, e sobre todo, interésanos porque neste cartulario figuran moitos Moogo e Moogos⁶, e varios deles son Pedro ou Petrus. Chama a atención, incluso resulta

dese diario –desgraciadamente poucos–, ensaios, algúns deles, á par que eruditos, realmente divertidos: sirvan como exemplos que me veñen á memoria, a distancia de tantos anos, os referidos ó soneto de Monterrei, que algún antólogo despistado pasou por alto e así non é quen de atoparlle o sentido que desvelara o profesor, ou aquel outro que fala do desengano sufrido na cadea inquisitorial por un xuvenil e entusiasta feirante de Verín que se acababa de iniciar nos praceres de Venus mediante un, ó parecer castigado, pronto pago en lugar non santo, etc.

- 3 Exactamente: Francisco Javier Pérez Rodríguez, *Os documentos do tomo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela, 2004. Propiciou a súa edición, en papel, o Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio histórico. Especificamos esta edición en forma de libro, porque tamén se pode atopar, grazas á xenerosidade dos seus promotores en Internet, en formato pdf, nesta dirección: <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf>/ tomo_toxos_outos.pdf (12-X-2006), á disposición gratuita de todos os interesados.
- 4 Segundo consta na propia introdución da obra de Pérez Rodríguez, o historiador Vicente Salvado Martínez, morto prematuramente en 1945, fixera unha transcripción completa do tomo para a obtención do grao de doutoramento, sen chegar a publicar os resultados do seu esforzo; a súa familia puxo a disposición da investigación este traballo, que por diversos motivos non chegou a callar nunha publicación completa. Foi un irmán do historiador, Benito, o que posteriormente deu a coñecer algo do seu contido, como o traballo persoal da localización dos topónimos incluídos na documentación ou a publicación dun interesante folleto no que, á parte da publicación dos cinco primeiros documentos que se refiren á fundación do mosteiro, se reproducen algunhas das súas interesantísimas, aínda que escasas, miniaturas. É este irmán quen propicia unha edición máis ampla cá anterior en *Compostellanum*. –vol. 36, n. 1-2 (1991); p. 165-227– co título “Tumbo de Toxosoutos: siglos XII y XIII”. El é, en fin, quen redacta a nota introdutoria á edición de Pérez Rodríguez.
- 5 Menciónase tamén un Fernando Padron –considerado por X. Ron, no seu formidable “Carolina Michaëlis e os trobadores representados no *Cancioneiro da Ajuda*”, en *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoje* (Ed. M Brea, Santiago, 2005), pp.177 e ss–, nome doutro trobador, pero un tanto alongado cronoloxicamente, a fins do XII.
- 6 Prescindimos de grafar a nasalidade, visto que o instrumento fundamental que agora manexamos –Codolga– non o fai, xa que está pensado para documentos en latín que só ocasionalmente rexistrarían formas romances ou romanceadas que tiveran resonancia nasal.

emocionante cando no índice elaborado por Pérez Rodríguez o lector dá cun “Petrus Moogus, bonus scriptor, capelán de don Xoán Eáns Mariño” (doc. 58); na comprobación, sen embargo, vese que o Scriptor refírese a outra persoa; trátase dunha errata do editor ó confeccionar o índice. E é ben coñecido dos estudosos que algúns editores da obra de Pero Meogo –un apelido realmente raro– dan como posible alternativa deste apelido, incluso máis aconsellable, o de Moogo⁷.

Da abundancia do nome na zona dá idea o documento 360, redactado en Santiago de Compostela o día 17 do mes de novembro de 1238 e que, na lectura de Pérez Rodríguez, di, extractando:

Placitum de **Petro Moogo**, presbitero de Sancto Juliano de Loania super hereditate de Ninaes et de Viogio et de filigresia Sancti Juliani. Era Ma CCa LXXa VIa et quotum XVo kalendas decenbris. Ego **Petrus Moogus**, presbiter Sancti Juliani de Luania, ..., sicuti ego predictus **Petrus Moogus**, presbiter, et **Petrus Moogus de Cornanda**, monachus Sancti Justi,... Domnus Petrus Petri et Martin Saniz et **Petrus Moogus dictus de Cornanda**, monachi Sancti Iusti. ...Ego Martinus Iohannis, notarius concilii compostellani juratus, de mndato predicti abbatis et **Petri Moogu**, presbiteri supradicti, feci scribi. Ego Adam Petri de mandato magistri mei Martini Iohannis, notarius cocilii compostellani, scripsi.

Un pouco máis adiante hai unha anotación que o editor pon en nota, na páx. 378; este texto, e dado o seu teor, pódese considerar como un brevísimo testamento, co aire dun borrador, e podía ser o documento 376 bis do tomo⁸:

“Notum sit omnibus quod ego domnus Petrus Moogo, presbiteri Sancti Juliani da Luana, ob remedium anime mee et parentum meorum facio cartam testamenti monasterio Sancti Justi de tot mea hereditate quam ego habeo ex parte patris mei et matris in ualle de Cornanda”.

7 Foi a autorizada voz de C. Michaëlis que orixinou esta posibilidade, *Cancioneiro da Ajuda*, ed. fac. de 1904, II, 622. A.F. Bell acéptao e edita o seu cancionero baixo a forma Moogo. J.J. Nunes (*Cantigas de Amigo*, I, p.339) fala de Meogo ou Moogo. É X. L.M.éndez Ferrín quen en *O cancionero de Pero Meogo* (Vigo, 1966, p. 15-16), despois de reflexionar sobre o problema, opta pola forma Meogo, clara en B diante da cantiga 1184; en V a primeira vez, tachado, ante 787 e correctamente ante 789; tamén está en C cos números 1184 e 1190. A solución básica foi referendada por Tavani no seu *Repertorio metrico*, e de aí en diante por todos os editores.

8 Ó fin e ó remate, algún documento, como o 795, é do segundo terzo do S. XIV e, sen embargo, figura como un documento máis no tomo, a pesar de ser moi distinto: normalmente só se transcriben aquelas mandas, que nalgunha ocasión semellan extractos polo breves e esenciais que son, que conceden o título de propiedade ou xustifican os bens que constitúen a masa de propiedades do mosteiro e soen estar escritas en latín. En cambio este testamento é un texto inesperadamente longo xa que ocupa tres páxinas. En cambio, hai algunha páxina que pode conter perfectamente tres mandas. Ese testamento de características irregulares é unha disposición de últimas vontades de dona Leonor González de Saz, que foi publicado xa en tempos por López Ferreiro e reproducido algunha vez máis.

¿Posible testamento do noso Pero Moogo? Estaríamos tentados a pensalo, xa que en xeral carecemos de datos precisos de moitos dos nosos trobadores, pero Pérez Rodríguez aprecia que esa anotación está escrita en letra posterior á do tomo, polo tanto non parece ser un autógrafo do suposto poeta, a non ser que alguén no século XIV ou XV –só se di que é posterior, non se cuantifica– atopara una nota que contiña ese proxecto de testamento. Como o tomo estaba xa cerrado, ese alguén buscou un lugar libre onde tivera que entrar o testamento, fixándose nas relacións puramente nominais dos actores ou no nome das leiras ou bens que se mencionan. En fin, un voluntarioso copista que traslada unha manda orixinal que leu fóra de lugar e que asegura uns bens para o mosteiro. ¿Cal é o perfil sociocultural que mellor lle acae ó trobador? ¿Quizás o monxe que ten a oportunidade de anotar nunha folla do tomo ou de deixar un testamento onda el?

Vexamos os exemplos que podemos atopar en Codolga⁹. O apelido Moogo, certamente, é moi frecuente na documentación procedente de Ourense (107 casos) e redúcese na da Coruña (29), en Pontevedra recóllense 6 e en Lugo tan só 3; estas cifras resultan dos documentos ata agora incorporados a Codolga, onde polo de agora non figura a masa documental de Toxos Outos¹⁰. Pola ficha primeira que devolve o programa, sabemos que hai 11 no século XII, 101 no XIII e dous no XIV. Na documentación latina atópase ademais algún Mogo que pode latinizarse: en Santiago, mentres que como topónimo (Devesa de Mogoos) rexístrase dúas veces tamén na provincia de Ourense

A combinación Petrus e Moogus (variadamente declinado) dáse, fundamentalmente, nos s.XII e XIII, segundo Codolga, A Coruña 8, Ourense 24, Pontevedra 3 e Lugo 1. Agora ben, falta aínda por incorporar –neste momento está a punto– o significativo caudal, como dixemos, do mosteiro beneditino do Barbanza. E, ademais, téñase presente que á falta de probas consistentes, calquera deles podería ser, se se admite esa alternancia con Meogo, podería ser, digo, o trobador, aínda que haxa ambientes, medios, máis favorecedores da cantiga trobadórica, como podía ser o Santiago do s. XIII, verdadeiro centro introdutor e produtor deste especial canto.

9 Con este acrónimo referímonos ó *Corpus Documentale Latinum Galaciae*, vasta colección documental en latín medieval de Galicia ou sobre Galicia, un proxecto dirixido por J.E. López Pereira e en vías de realización, aloxado en forma de base de datos no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en Santiago de Compostela. Os datos que se manexan están extraídos daquela base ó longo do mes de outubro do 2006, cando a documentación compilada aproximábase ós 10500 documentos. Enténdese que os exemplos proceden das edicións manexadas polo equipo de Codolga con esa data.

10 Os documentos publicados en *Compostellanum* polos irmáns Salvado Martínez son 45 cando o tomo de Pérez Rodríguez ten numerados 796.

Por outro lado aquel espellismo “bonus scriptor” que aparece no índice, incluso de ser certo, podería significar simplemente ‘bon, competente tabelión’; *scriptor* ou *scribere* variamente declinado e conxugado aparecen continuamente ó pé dos documentos.

Moogo tamén está no tomo de Caaveiro¹¹, e xa de empezos do século XII rexistramos Moogo (un Oveco, o primeiro sen data e tres entre 1117-1152). Nun documento de 1160 atopamos como confirmantes a tres Moogos: podería tratarse de irmáns, ou non ter parentesco entre si, pero se cadra a interpretación máis sinxela puidera ser a de ‘monxe’, se ben todos os demais parecen levar apelido: “qui presentes fuerunt; Roderico Mouro, cf. Didaco **Moogo**, cf. Froyla **Moogo**, cf. Pelagio Iohannis, cf. Munioni Parrega, cf. Pelagio Bauzola, cf. Suario **Moogo**, cf. Martino Alvitiz, cf. Petrus Ranemiriz, cf. Iohannes Petri¹²”. No ano 1192 comparecen outra vez quizá con maior precisión, apuntando a orixe ou destino: “qui presentes fuerunt: Froyla Moogo, presbiter de Lago, cf. Didacus Moogo de Cervales, presbiter, cf. Suerius Moogo de Moesti, presbiter, cf. Petrus, ts. Iohannes, ts. Aloitus”. Este Froyla é o que máis veces figura nos documentos, ó longo da segunda metade do s. XII, porque non cremos que outro co mesmo nome, de 1247, teña nada que ver co anterior, ou mellor, que será outra persoa.

E finalmente, tamén aquí en Caaveiro, temos un Petrus Moogo de Cazanés en 1220, xa época trobadoresca. Aínda máis centrado neste tempo, 1244, damos cun Pedro “prelatus ecclesie Sancti Thome de Crunia, cf” e outro “Capellanus eius, Petrus Moogu”, ó lado dun tendeiro e dun caldeireiro.

En Codolga, paréceme que xa o dixemos, non se detecta polo de agora ningún antropónimo como Meogo, ningún Mogo nin tampouco unha variante posible como Míogo. Soamente localizamos en San Clodio (Ourense) variedade romance dentro do latín documental; aparece primeiro no ano 1263 unha testemuña Pedro Moogo “Martinus Pelagii dictus, testis; Petrus **Moogo** de Louesende testis; Martinus Martini de Leyro testis; Fernandus Munionis dictus Ginouuya” (doc. 109), que parece ser o mesmo individuo que “Petrus **Mongo** procurator ecclesie sancti

11 J.J. Fernández de Viana y Vieites, M.T. González Balach, J.C. de Pablos Ramírez, “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra*, n. 3 (1996); p. 267-437. n. 4 (1997); p. 224-385.

12 Este documento faime lembrar un documento leonés que me sinalou amablemente J. M. Díaz de Bustamante “Dominico **monaco** conf. Salvador **monago** conf. Sauarigo **monago** conf. Veremudo frater conf. Dominico **monago** conf. Pelagio diacono conf. Dominico Petriz conf. Xabi Michaeliz conf”. Dos 62 casos de Monago/monago localizados nos documentos latinos de León só unha pequena parte son tratados como apelidos; parece que os editores desta documentación, en xeral, móstranse máis renuentes a hora de empregar a maiúscula. Digamos, de paso, que grazas a unha rápida consulta en Infobel puidemos localizar 348 apelidos actuais *Monago* na guía telefónica española..

Michaelis de Louesende testis”, tamén en 1263 (doc 111). Aquí xa estamos en presenza dunha reconstonantización da nasalidade ou simplemente diante dun xeito normal de transcribir esa resonancia¹³. A. Boullón, –a ela a miña gratitude–, proporcióname¹⁴ o seguinte listado cronolóxico que, enteiro, empezaba en 1174, e é interesante dende moitos puntos de vista, como o non datado, último da lista, Johannes Petri Mooganu, de estraña grafía. Respectamos tamén os Pedros:

Cadea onomástica	Data	Fonte
Pet Moog (psbtr)	1260	DocUnivSantiago 6
Garcia Meogo	1267	CDMaia 181
Petrus Moogus	1271(or.)	CDRamirás 380
Pet Iohnis dto Moogo clico de scta Maria de Restande	1273	DocUnivSantiago 7
Pet Moogo clico	1273	DocUnivSantiago 8
P Moogo preuedo	1274	CDMaia 74
Po Moogo notario de Queyroga	1281	CDMaia 76
Petrus Moogo notario_iurado	1292(or.)	CDRamirás 441
Po Moogo	1324	DocUnivSantiago 51
Pero Moogo clerigo d' Aras Ps Chatreyro	1333	DocUnivSantiago 129
Po Moogo	1347	DocUnivSantiago 203
Po Moogo clgo de S Po de Sardoma	.377	DocUnivSantiago 251
Johannes Petri Mooganu	s.a.	TLourenzá 222

Como se pode observar, no ano 1267 hai un illado e curioso Garcia Meogo¹⁵, que a falta dunha comprobación directa sobre o propio documento, hai que admitir, pero coa reserva de que quizá xa non estamos falando dun descendente de MONACU, aínda que apareza na lista entre os Moogos e variantes, e si dun herdeiro de MEDIU LOCU, como veremos máis abaixo e co sentido de ‘medio, do medio’, de alguén que nacera entre, no medio, dun Primu/Temporaneu por un lado e dun

-
- 13 Pensamos que xa pode ser un antecedente remoto do apelido raro, pero aínda existente, de Mongo: en Sobrado, en 1204, atopamos como confirmante un “frater Petrus, monachus, cf. frater Pelagius Moogo, monacus, cf. Pelagius Petri, miles” e “Pelagius Petri, cf. Pelagius Moogo, monacus, cf. Martinus, dictus Cocleares, monacus” nos que se ve o Moogo funcionar como verdadeiro apelido e non como sobrenome, A. Boullón, *Antroponimia*, s.v. Monacus, transcribe estes casos Mo<n>go.
- 14 Da Base de datos de nomes medievais da Sección de Onomástica do ILG.
- 15 O dato procede do documento expresado, editado por C. de Azevedo Maia, no súa *História do galego-portugués: estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência á situación do galego moderno)*, Coimbra, 1986.

Zagueiro/Çagueiro, por outro ou tamén que tomara o apelido dun topónimo que contrastara formas como de Arriba/ Abaixo ou de So/Suso ou Riba/Alto/Baixo: e tal topónimo, como veremos axiña, existe.

Na documentación en romance que proporciona a soberbia base de datos TILG¹⁶, que aumenta con novos contributos día a día, aínda non detectamos ningunha solución definitiva á hora de decidirmos por un dos apelidos que a historiografía nos ofrece; e non deixa de ser unha pequena interquincencia o non estarmos seguros do seu nome que, por suposto, non afecta á calidade dun dos nosos máis grandes poetas medievais, un trovador que figura na práctica totalidade das escolmas editadas despois do descubrimento dos cancioneros italianos. Calquera ensaio literario sobre a cantiga de amigo toca a súa figura; figura coa que nos familiarizamos da man da xuvenil e madura edición do poeta Méndez Ferrín¹⁷.

Para rematar este longo excursus sobre Meogo, que como apelido aparece moi illado nos camioneiros italianos –de aí a prevención de C. Michaëlis–, gustárame dicir dúas palabras a propósito dos datos ofrecidos adicionalmente sobre a documentación medieval de Codolga. En Ramirás, cedo, (1246) localizamos un topónimo igual: “reuertitur ad petram magorem de fondo, deinde ad penas de **Meogoo**, deinde uenit finire ad cimam de Cerneda¹⁸” ou, apuntando ó seu étimo, en Camanzo (ano1203) “iacet in monte Cusanka sub heremite de **Medio loco**; et de ipso monte inde nostro quiniione integro prenommatum¹⁹”.

Saíndo fóra de Codolga, digamos que hoxe temos moi documentada como apelido a forma Mogo, máis en consonancia fonética coa redución desde Moo –que desde Meo–. De feito, segundo unha comunicación verbal de R. Mariño –que lle agradezo vivamente pois está preparando una longa monografía sobre os hiatos galegos que acabarán sendo por crase unha única vocal–, el non atopa ningunha secuencia -eo- que orixine > o: deberíase conservar tal cal (aínda que veremos a posibilidade -io), mentres que o portugués tendería a introducir unha vocal antihiática, > eio.

16 Tesouro Informatizado da Lingua Galega, dir. A. Santamarina; datos extraídos en outubro do 2006.

17 A bibliografía en torno ó poeta medieval é abundante –basta dar unha ollada á *Bibliografía* de Pellegrini-Marroni e os diversos números do *Boletín bibliográfico da Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (na dirección da Universidade de Navarra, <http://www.unav.es/griso/medieval/ahlm/principal.html> ou na máis recente <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=106:1:4957484943049301124>) e está como figura singular en todos os manuais, dicionarios, enciclopedias e monografías que versan sobre a cantiga de amigo (E. Asensio, G.Tavani, V. Beltán, Brea-Lorenzo, E. Corral),. O noso trovador mereceu a atención de moitos estudosos, á parte das edicións totais de cantigas de amigo –Nunes, Brea, Cohen–; na súa obra traballou arreo sobre todo L. de Azevedo Filho, e con certa insistencia de A. Castro ou J. Alemparte, por non falar dun prestixioso hispanista como A. Deyermod.

18 En Codolga, ed. M. Lucas- P.P. Lucas, *San Pedro de Ramirás*, doc. 42.

19 En Codolga, ed. M. Lucas, *El monasterio de San Salvador de Camanzo*, doc. 9.

Este é o cadro do continuador de Moogo > Mogo na actualidade, segundo o buscador de apelidos galegos do ILG/Cesga, preparado por A. Boullón e X. Sousa²⁰, distribuído por concellos coa porcentaxe máis alta nos primeiros lugares. Eliminamos uns dez concellos de menor porcentaxe:

CONCELLO	POBOACION	PORTADORES	PORCENTAXE
Vedra	5054	35	0.692
Valadouro (O)	2371	14	0.590
Boqueixón	4261	10	0.426
Foz	9612	14	0.145
Xove	3625	3	0.082
Estrada (A)	22125	8	0.036
Santiago de Compostela	93273	26	0.027

Como se pode observar polas porcentaxes e cantidades precisas, Mogo está bastante vivo en certos concellos nas proximidades de Santiago, Vedra e Boqueixón. Quizá, a partir das referencias históricas medievais que acabamos de coñecer, sorprenda ese núcleo norteño en Foz e Valadouro, que contrasta coa perda en torno a Caaveiro ou parcialmente ó redor de Toxos Outos²¹, pola vertente cara ó mar. A variedade Mongo, xa anecdótica na Idade Media, non se rexistra²². Dito doutra maneira, documentalmente a afirmación de Michaëlis de que Moogo era moito máis frecuente que Meogo é certo. Pero isto non quere dicir que Meogo sexa imposible.

Tmilg²³ proporciona os seguintes datos: en primeiro lugar, a presenza constante de Moogo en calquera das súas variantes –reducida, nasalizada, ditongada– que acabará no Mogo contemporáneo e sobre a que xa non insistiremos.

En segundo lugar, ofrece unha visión un pouco máis ampla sobre a forma rara Meogo, abrindo paso á súa viabilidade²⁴, aínda que sen signo de nasalidade; sinalamos

20 É este un servizo que se puxo en marcha no mes de outubro de 2007.

21 A título de curiosidade <http://www.infobel.com/spain>, un buscador de teléfonos, dá para España 33 ocorrencias, bastantes en Madrid. Loxicamente o número aumenta en Portugal, segundo <http://www.118.pt/pt/menu.php>, que ofrece 122 rexistros. Como se ve, as guías ou listas telefónicas non ofrecen as vantaxes dun censo. E figuran aquí como posibles fontes de información adicional.

22 A forma Mongo que aparece no citado Infobel da nota anterior, debe ser Mongó, un orónimo de área catalá, onde se atopa ese apelido.

23 Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega, dirixido por X. Varela; nestes días fóra de servizo por traslado de base, polo que lle agradezo ó seu director o esforzo que realizou para, manualmente, proporcionarme os datos que seguen.

24 Como tamén aparece nos apógrafos italianos, É posible foneticamente pola presenza dese **m**- (aínda hoxe, popularmente, se pode oír *Mensimino*, *mensioneiro*).

o dato porque no TMILG si que pode estar marcada –como se verá nos próximos exemplos–, ofrecemos os datos nun contexto menos descarnado e máis intelixible, seguindo as convencións establecidas para uniformar os datos, pero eliminando algunhas marcas que dificultan a lectura²⁵:

- 1-meogoo: san Miguel de Carregal en Maloes de iusano Carregal en Maloes de iusano no logar que chaman a vinha nova que iaz en **meogoo** da herdade de Oya. e a herdade que nos avemos enas ameixeiras tras a casa que ffoy de Martin gomez e o agro do Carvalho commo iaz valada e (ROT - 28 - 1306 -valença [Valença do Minho-Portugal] - *Bispado de Tui do XII-XV*)
- 2-petrus meogo:tenente Castela de Bubal Bubal domino Nuno Gundisalvi. Qui presentes fuerunt: Petrus **Meogo** et Fernandus Arie, et Petrus Petri et Elvigijs Petri, Clericos de Lobesende, testes,de Oseve, et Fernandus Moura, armiger (MSCDR - 127 - 1270 - [San Clodio-Ou]-*San Clodio do Ribeiro*)
- 3-na aasperela do meogo :Ribeira , morador en na fligisia de Lovesende; et Iohan de Cabanellas, carniçeiro, morador en na Aasperela do **Meogo** et outros. E eu Iohan Afonso notario publico del Rey enna meyrindade d' Orzellon... etc. (+) (MSCDR - 442 - 1409 - [San Clodio-Ou]]-*San Clodio do Ribeiro*)
- 4-o meogo: a sobre huna ribada que y esta. Item outra leira con seus castineiros que jaz y en Chane a alende doutra alende doutra de san Justo, que jaz no **Meogo** ontre anbas estas leiras. Item outra leira con seu castineiro, que jaz na regueira do dito lugar de Bano pedrino, (MSCDR - 357b - 1365 - [Ribadavia-Ou]]-*San Clodio do Ribeiro*)
- 5-meogo:do desta carta syan escriptas, una carta çerrada e asseelada de çinco seelos, los dos quaes era ende un de quatro quadras e dentro en **meogo** do seelo una figura de frol, e o letereyro do seelo dizia: S. Gonsaluo Yanes de Zerracones (VFD - 41b - 1302 - [Ourense-Ou] -*Vida e fala dos devanceiros*)
- 6-meogo: uadit finire ad carualiam de forno, deinde ad riulum de Riuo de agris, et uadit a prono per ipsum regarium et reuertitur ad petram magorem de fondo, deinde ad penas de **Meogoo**, deinde uenit finire ad cimam de Cerneda, deinde quomodo partitur cum termino de Baraloaa, deinde ad pochum de Pumares, deinde ad marchum (PRMF - 42 - 1246 - [Ramirás-Ou]- *San Pedro de Ramirás*)
- 7-en meogo do:~vua carta çerrada e asseelada de çico sseelos dos quaes era ende vn de quatro quadras e dentro en **meogo** do sseelos ~vua figura de frol e o letereyro do sseelos dizia: Gonsaluo Yanes de Çerracones. Et outro sseelo era (HGPg - 61 - 1302 - [Allariz-Ou] -*História do galego-portugués*)
- 8-garcia meogo: dô Joã Fernandez; alcaydes da Guarda Gözaluo Fernandez e Vidal Eanes. Testes: Frey Pedro, Garcia **Meogo**, Steuao Garcia, Joã de Moua,

Marti Pelaez Pelaez . Eu, Marti Domínguez, notario da Guarda, presente foy e (HGPg - 91 - 1276 - [A Guarda-P] -*História do galego-portugués*)

- 9-meogo: do moesteiro de Sam Çibrão de Briues et prometeran de estar a quanto él ontre eles mandase con huín conpanyero sobre lo casal que chaman de **Meogo**, que jazía en no lugar de Seyxurra, frigesía de Sam Martino d'Ortôo con súas viñas et (SPAST-Soandres - 20 - 1419 - *San Paio de Antealtares, Soandres e Toques*)
- 10- Sancte Marie de Ferraria et conuentui eiusdem loci, facimus cartam uenditionis de quamta hereditate habemus et habere debemus in Sarza de **Meogo**, ex parte patris nostri, Johan de Sarza, cum omnibus pertinenciis et directuris suis, discurrente ad ecclesiam Sancti Petri de Receli, per ubicumque potueritis (SMFP - 184 - 1260 - [Ferreira de Pallares-L] -*Ferreira de Pallares*)
- 11- Et as partes sobreditas marcaron esta leyra commo sobredito diz. Et para partiren per meo, meteron hun marco en fondo da leyra no **meogo** della con duas testemoyas et dessy outro con duas testemoyas a çima sobre hun carualo negral, et des y a çima ao ameneyro que esta no meo (SMFP - 407 - 1310 - Monterroso-[L] -*Ferreira de Pallares*)
- 12-marie petri de molendino de **meogu** porcionem quam habemus in loco nominato que dicitur a Pena Dustalus, et totam nostram porcionem quam habemus cum soror nostra Marie Petri de Molendino de **meogu** traslado de orde por signo de corrección que dicitur== de Rius, pro XIII solidos et totum precium (MSSST - 35 - 1258 - [San Salvador de Sobrado de Trives-Ou]-*San Salvador de Sobrado de Trives*)

Nesta ducia de citas, saltan á vista varios feitos, algúns xa sabidos²⁶: oscilacións ou vacilacións nas grafías, pero sen marca de nasalidade, que si teñen, en cambio, outras palabras; uso de **meogo** como substantivo aparentemente claro nos exemplos 1, 5, 7, 11- obsérvese neste exemplo a última palabra 'meo' a pouca distancia do 'meogo', incluso nos exemplos 3 e 4, que os editores consideraron topónimos –obsérvese a presenza do artigo–, seguramente apoiándose no contexto máis amplo do propio documento ou de toda colección; uso tamén claro, ó noso ver, como topónimo nos exemplos 6, 9, 10 e, quizás 12²⁷; e, finalmente, o uso como antropónimo, funcionalmente verdadeiro apelido, primeiro no exemplo 8, da Guarda –García Meogo, que xa comentamos máis arriba– e o número 2, un rotundo Petrus Meogo. Como conclusión pode observarse que Meogo non ten aparentemente nada que ver con **monacu** e si

26 Algúns exemplos, como se ve, están en latín na parte que nos interesa e, incluso algúns aínda non entraron en Codolga.

27 A toponimia galega actual non rexistra ningún Meogo, pero si dous lugares habitados baixo as formas O Miogo (San Xillao de Tor-Monforte de Lemos-Lugo) e Ver de Miogo que contrasta cun Ver de Cima e un Ver de Fondo, en Armariz (Nogueira de Ramuín-Ourense). Curioso este topónimo que reúne os apelidos de dous trobadores.

con **medio locu**, co ‘lugar do medio, o do medio’, un substantivo que pasa a topónimo ou a distinguir a alguén segundo a orde de nacemento e, de aí, a apelido.

Polo de agora son estes dous²⁸, Garcia e Pedro, os que rompen a soidade dos Meogo que figuran nos apógrafos italianos, en lectura inequívoca, confirmando lonxe do seu berce, unha parece que acertada e exacta *lectio difficilior*, desvanecendo as razoables dúbidas que ante a presenza de tantos Moogos (numerosos Monagos tamén en castelán) na documentación media suscitou en C. Michaëlis, A. Bell ou F. Bouza²⁹, e eso que aínda non se publicara unha boa parte dela. Parece, que fóra do detalle da nasalidade, a prudente suxeición ó texto dálle a razón ós Tavani, Azevedo ou Lorenzo cando, avezados na Ectótica, optaron por Meogo, recoñecemento implícito da profesionalidade dos copistas italianos do Cinquecento e do coidado corrector de Colocci.

28 Cando M. do. Rosário Ferreira redacta a voz Meogo para *Enciclopédia VERBO das Literaturas de Língua Portuguesa*, (Lisboa-São Paulo, 1995-2005), non foi quen a documentar a forma, que agora, con os instrumentos aquí apuntados, e en liña, resólvese de contado.

29 O primeiro editou as cantigas do trobador baixo o apelido de Moogo e o segundo tamén o empregou no título dun artigo de revista.